

Púxenme a contar estrelas

*Púxenme a contar estrelas
i-a botalas no sombreiro
contéi unha contéi dúas
até que cheguéi a cento.*

De tanto ollar para o lume
teño a mirada cansada
dame meniña os teus ollos
que che quero ver a cara.

De tanto palpar raíces
teño os meus brazos rendidos
dame meniña o teu peito
para enchelo de sospiros.

De tanto andar pol-o mundo
todo se me fan camiños
dame meniña o teu colo
que o corazón busca nido.

Nin pés nin brazos xa teño
soio teño sentimentos
non te m'acerques meniña
que non quixera perdelos.

Púxenme a contar estrelas
xuntas xa todas no ceo
non poiden contar ningunha
por têr os ollos abertos.

Rubia Barcia